

O CANTO DA TERRA

Eladio Rodríguez González, o autor recordado no máis recente Día das Letras Galegas, foi un poeta recoñecido na súa época desde que, aínda moi novo, comezara a publicar versos nas páxinas de *O Tío Marcos da Portela*. Iníciase así unha carreira que o levará a dar ó prelo tres libros de poemas: *Folerpas* (1894), *Raza e terra* (1922) e *Oraciós campesiñas* (1927), ademais de moitos textos en prensa. Sen embargo, esta brillante obra lírica ficará agochada baixo o inmenso peso do seu labor de lexicógrafo, de aí que neste ano se teña prestado máis atención ó *Diccionario enciclopédico* que ó resto da súa obra creativa.

Porén, segundo transcorren os meses vaise solventando esta débeda e así traemos hoxe a estas páxinas os primeiros chanzos na recuperación dos seus versos, a edición facsimilar de *Oraciós campesiñas* e a *Escolma de poemas* elaborada polo profesor Xesús Alonso Montero. A primeira reproduce fielmente o volume que saíra do prelo na coruñesa litografía Roel, con capa de Castelao, para dar voz a un fondo amor á terra e as súas xentes ademais de espertar as consciencias “*máis escuras,/ e (que) despertasen n’elas/ as voluntades murchas,/ e prendesen nas almas/ as arelas patrióticas máis xurdías*”. Pola súa parte, a *Escolma de poemas* tanto selecciona textos das tres obras publicadas polo autor como se fai eco da gran cantidade de versos editados por outras vías (principalmente en xornais e revistas como *A Nosa Terra*).

Ordenada en tres apartados, a antoloxía decántase por agrupar os textos segundo a súa temática e intención acompañándoos dunha breve pero precisa achega á figura e á obra de Eladio Rodríguez onde se aprecia a erudición propia de Alonso Montero. Tras dos dous poemas iniciais que, a xeito de limiar (“O poeta defínese”), expresan a intención poética (a belixerancia da súa musa, a preocupación pola terra e as súas xentes, etc.), chega o monllo de composicións dedicadas a pór de manifesto os problemas do país, onde defende do maltrato ás clases populares (nalgúns casos con moita tenrura como “¡Malpocado” ou o poema que comeza co verso “*Meu ceguiño...*”) que se encarnan na figura singular dun Xan Labrego submisos e explotados a quen se anima a reaxir (“*O día que a Xan Labrego/ lle pete non ser máis Xan,/ as aldeas serán donas/ das cibdás*”). Tamén hai espazo nestes textos para gabar as grandes personalidades galegas (Montes, Castelao, Curros Enríquez, Rosalía) e pedir “*a libertá que ó mundo vello queime...*”. Unha temática cívica esta que, malia ser predominante na súa obra, non é exclusiva como se aprecia no terceiro dos apartados que recolle textos próximos a temas como o amor (“Na fonte”), a relixiosidade popular (“Frol recendente”), os poemas de temática festiva (“Papas de arroz”, “Un filósofo

aldeán”) os traballos da vendima ou a presenza da amada terra natal do Ribeiro (“¡Meu Ribeiro!”).

Polo tanto, esta *Escolma de poemas* fornécenos dunha panorámica ampla e completa da obra de Eladio Rodríguez González onde apreciamos o seu vínculo cos temas e formas propios da súa época, a admiración polos precedentes e o desexo de que os seus versos fosen “*oraciós campesiñas,/ inspiración das galicianas musas,/ que saben de infertunios/ e saben de penurias/ e saben de traballos*”.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 50, xullo 2001, p.74